

Visto o expediente número 356/2011 de contratación polo procedemento negociado sen publicidade por razón da contía, e tramitación ordinaria, da execución da obra denominada “REPARACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS NOS LUGARES DE REMISQUEIRA, FONTERREMULA, CARDEZO E O PENDÓN” (Proxecto: 11-2011-0037.0) incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS 2.011).

Visto que remitidas tres invitacións a empresas que polo órgano de contratación, considerouse que tiñan capacidade suficiente para poder levar a cabo as citadas obras (Excavaciones Pose S.L, Construcciones Dámaso Ferreiro e Hijos S.L e Heranosca S.L) e que presentáronse os seguintes licitadores: Construcciones Dámaso Ferreiro e Hijos S.L (RE nº 2.285/2011 do 26/08) e Excavaciones Pose S.L (RE nº 2.256/2011 do 24/08).

Visto que con data de 1 de setembro de 2.011, por parte do órgano de contratación en presenza do Secretario do Concello procedeuse a dar apertura ás propostas presentadas, e que observada a existencia de deficiencias no sobre A de documentación administrativa presentada por Excavaciones Pose S.L, o órgano de contratación acordou concederlle un prazo de 2 días naturais para a subsanación da citada deficiencia.

Visto que con data 5 de setembro de 2.011 (RE nº 2.373/2011 do 5/09) Excavaciones Pose S.L presentou a documentación de subsanación no prazo fixado, con data de 7 de setembro de 2.011, procedeuse por parte do órgano de contratación a dar apertura aos sobres B, de referencias técnicas e C, de oferta económica presentados por ambos licitadores.

Visto igualmente que con data de 9 de setembro de 2.011, por parte do Arquitecto Municipal, emitíuse informe de valoración das propostas facendo constar que se pode propoñer a adxudicación do procedemento negociado para a adxudicación da obra referida á empresa que obtivo unha maior puntuación Construcciones Dámaso Ferreiro e Hijos S.L, ao considerar a súa oferta a máis ventaxosa para os intereses municipais, por tratarse dunha empresa especializada neste tipo de obras, por tratarse de unha empresa especializada en este tipo de obras que precisan de aglomerados asfálticos para a súa execución, por dispoñer de medios materiais e humanos máis idóneos para a correcta execución das obras e habendo executado obras de similares características de forma satisfactoria para este Concello.

Visto que mediante resolución desta Alcaldía nº 609/2011, do 12 de setembro, e á vista do informe e proposta de adxudicación realizado polo Arquitecto Municipal, o órgano de contratación de conformidade co previsto no punto 16 dos pregos de cláusulas administrativas, procedeu a propoñer a adxudicación do contrato a favor de Construcciones Dámaso Ferreiro e Hijos S.L, así como a requirirlle a esta que procedera no prazo máximo de 10 días a presentar a documentación acreditativa de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social, así como a constituir a garantía definitiva por importe total de 2.660,15 euros, equivalente ao 5% do prezo de adxudicación íve excluído e acreditar estar en posesión dos medios materiais e persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato.

Visto que con data de 20 de setembro de 2.011 (RE nº 2.585/2011 do 20/09), presentou a documentación que lle foi requirida.

Examinada a documentación presentada e de conformidade co previsto no artigo 135.4 e na Disposición Adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público **RESOLVO**

PRIMEIRO: Proceder a adxudicar o contrato de obras denominado “REPARACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS NOS LUGARES DE REMISQUEIRA, FONTERREMULA, CARDEZO E O PENEDO” (Proxecto: 11-2011-0037.0) incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS 2.011) tramitado mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria a favor da empresa Construcciones Dámaso Ferreiro e Hijos S.L con C.I.F nº B-15.361.934 e domicilio social na rúa Barcelona, 25-27, 2º-A, 15100, de Carballo (A Coruña), polo importe de: 53.202,94 Euros e 9.576,53 euros (**total: 62.779,47 euros**).

e de acordo coas seguintes consideracións:

- Prazo de execución da obra 180 días naturais.
- Prazo de garantía 1 ano a contar a partir da recepción das obras.
- Porcentaxe destinado a control interno de calidade 2,00 % do orzamento.
- As restantes condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e no proxecto redactado polo Arquitecto D. Enrique Vilar Gantes.

SEGUNDO: Dispoñer o gasto por importe de 62.779,47 euros con cargo á partida orzamentaria 453/615.00-2Y do orzamento municipal actualmente vixente para o ano 2.011.

TERCEIRO: Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios, non procedendo devolución da garantía provisional xa que esta non foi constituída no seu día por estar estes eximidos. Igualmente proceder a facer pública a presente adxudicación no perfil do contratante.

CUARTO: Notificar a presente adxudicación do contrato de obras Construcciones Dámaso Ferreiro e Hijos S.L, e citalos para o día 28 de setembro de 2.011 ás 12:00 horas, para a sinatura do contrato na casa do Concello.

QUINTO: Deixar constancia do nomeamento de Don Enrique Vilar Gantes, Arquitecto colexiado, como director da obra, con tódalas obrigas e atribucións que se establecen na lexislación de contratos das administracións públicas.

SEXTO: Formalizado o contrato e presentado polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da Obra, axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde do proxecto, procederase á súa aprobación polo Concello e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado o citado trámite se procederá a asinar a acta de comprobación do replanteo que non poderá asinarse máis aló de 1 mes despois da data de formalización do contrato.

SÉTIMO: Comunicar os datos básico do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.